



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRINTA DE AGOSTO DE DOUS MIL CATORCE.

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ

SECRETARIO:
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día trinta de agosto de dous mil catorce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asiste á sesión D.^a Delia Paz Ardao.

1. LECTURA E APROABACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 19 DE AGOSTO DE 2014

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data dezanove de agosto de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA

Dase conta dos Decretos e Resolucións da Alcaldía dende o día 20 de xuño de 2014 ata o día 20 de agosto de 2014 que de seguido se relacionan:

"XUÑO:

- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 20.06.2014, concesión licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar construída no lugar de Gunxel-A Capela por D. Manuel Pérez Paz.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 24.06.2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. José Luis Pereira Permuy, no lugar de O Bidueiro, 2 (San Boulo).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 25.06.2014, delegación a prol da Concelleira da Corporación Dna. Delia Paz Ardao a atribución para autorizar un matrimonio civil, ao abeiro do disposto no artigo 51 do Código Civil.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.06.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.06.2014, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 27.06.2014, concesión de licenza urbanística a Asociación Cultural "O Pértego", para obras de conservación dun muiño, no lugar de Augas Roibas.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 28.06.2014, concesión do período de vacacións o funcionario municipal D. José Antonio Meizoso Paz,

dende o día 15 de setembro ata o día 14 de outubro de 2014 (ámbalas datas inclusive).

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.06.2014, aprobación gasto e relación O/2014/3 que se adxunta.

XULLO:

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 01.07.2014, concesión do período de vacacións á funcionaria municipal Dna. Olga Galdo López, dende o día 7 ao 27 de xullo de 2014 (ámbalas datas inclusive) e do 3 ao 12 de setembro de 2014 (ámbalas datas inclusive).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.07.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.07.2014, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 03.07.2014, concesión período de vacacións á Secretaria do Xulgado Dna. María Celia Couce Moreira dende o día 15 de xullo ata o día 22 do mesmo mes de 2014 (ámbalas datas inclusive).
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 03.07.2014, concesión do período de vacacións a Traballadora Social Dna. María América Uceira Criado dende o día 24 de xullo ata o día 17 de agosto de 2014 (ámbalas datas inclusive).
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 03.07.2014, solicitude subvención á Deputación Provincial para a “Remodelación do Parque fronte ao Edificio de Usos Múltiples”, dentro do programa de subvencións dirixido aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a realización de investimentos no ámbito do medio ambiente.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 03.07.2014, concesión do período de vacacións a auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar Dna. María Cristina Rodríguez Sanmartín dende o día 22 de xullo ao 14 de agosto de 2014 (ámbalas datas inclusive).
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 03.07.2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Andrés Antón Fernández, no lugar de Vilasuso, 6.
- **PADRONS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 04.07.2014, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo municipal de abastecemento de auga potable correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2014.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.07.2014, aprobación gasto e relación que se acompaña (O/2014/4).

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07/07/2014, aprobación facturas-pago.
- **FESTAS LOCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 08.07.2014, proposición de días festivos para o ano 2015 dos días 5 de agosto e 17 de febreiro de 2015 (Nosa Sra. Das Neves e martes de antroido).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.07.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.07.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 11.07.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 11.07.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 14.07.2014, aprobación gasto.
- **REXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 14.07.2014, autorización para espectáculo de circo a celebrar o día 15 de xullo de 2014 diante da explanada do Colexio “Mosteiro de Caaveiro” a Dna. PRIN ROGER.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 14.07.2014, concesión de licenza urbanística a empresa Instalaciones y Comunicaciones del Eume, S.L., para “Instalación dunha liña eléctrica de BT para alimentación dun repetidor WIFI”, no lugar de A Serra-A Capela.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 14.07.2014, concesión licenza urbanística a UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., para levar a cabo obras de “Soterramento dunha liña eléctrica de BT”, no lugar de As Neves-A Capela.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 14.07.2014, concesión de licenza urbanística para “Construcción auxiliar para garaxe e almacén”, no lugar de Os Vilariños-A Capela.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 15.07.2014, concesión do día 18 de xullo de 2014, por asuntos propios a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.07.2014, aprobación gasto.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 17.07.2014, aprobación da certificación número un (1) da obra: “Acondicionamento interior dos vestiarios e aseos do ximnasio e piscina municipal”, por importe de 14.075,89 €, presentada pola empresa Huso 29 Estudios y Construcciones, S.L.

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 17.07.2014, cambio de enderezo de D. Juan Manuel López Permuy de Estoxa, 12 a Os Paces, 4.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 21.07.2014, alta no padrón municipal de habitantes de Dna. María Jesús Ramil García no lugar de Campos Verdes, 1.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 21.07.2014, aprobación gasto (relación O/2014/6)
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 21.07.2014, proposta de nomeamento como funcionario accidental para o desempeño do posto de Secretario-Interventor do Concello durante o período de vacacións do titular D. José Antonio Meizoso Paz a favor de D. Jesús Franco Rodríguez.
- **SUBVENCIONES:** Resolución da Alcaldía de data 22.07.2014, concesión da cantidade de trescentos euros (300,00 €) á Comisión de Festas do Santiago Apóstolo para a celebración de ditos festexos.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 28.07.2014, concesión do período de vacacións ó funcionario D. Jesús Franco Rodríguez dende do día 2 de agosto ata o día 24 (ámbalas datas inclusive).
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 28.07.2014, aprobación cambio de aval solicitado pola empresa Servizos Sociais Virxe do Carme, S.L., para a execución do contrato de prestación do “Servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas”.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.07.2014, aprobación gasto (relación O/2014/7)
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.07.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 29.07.2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Simone Ramos, no lugar de Mourente, 14.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 29.07.2014, aprobación facturas-pago (relación P/2014/4)
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 30.07.2014, concesión do período de vacacións a auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar Dna. Elsa Gómez López dende o día 18 de agosto de 2014 ata o 12 de setembro de 2014 (ámbalas datas inclusive).

AGOSTO:

- **SUBVENCIONES:** Resolución da Alcaldía de data 04.08.2014, concesión de subvención á Asociación Cultural e Recreativa “Noso Lar”, para a montaxe

dunha exposición fotográfica permanente por importe de trescentos euros (300,00 €).

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.08.2014, aprobación gasto (acompaña relación O/2014/8).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 06.08.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 06.08.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.08.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.08.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 08.08.2014, aprobación do gasto correspondente á licitación e contratación da prestación do servizo denominado “Servizos Docentes da Escola Municipal de Música”, por importe de 9.000 euros.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 11.08.2014, aprobación da certificación número dous da obra “Acondicionamento interior dos vestiarios e aseos do ximnasio e piscina municipais”, por importe de 44.434,10 euros.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 11.08.2014, aprobación certificación número un (1) da obra: “Colector de saneamento en Sande”, por importe de 26.455,95 euros, presentada pola empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo Fernández y otro, S.P.C.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 11.08.2014, concesión de axuda económica á Comisión de Festas de As Neves 2014, por importe de trescentos euros (300,00 euros), para a celebración de ditos festexos.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.08.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.08.2014, aprobación facturas-pago (acompaña relación P/2014/5).
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 14.08.2014, aprobación bases para a contratación laboral temporal, polo período de 3 meses, e con xornada de 5 horas diarias, dun oficial 2ª conductor e un peón.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.08.2014, aprobación gasto (relación O/2014/9).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.08.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.08.2014, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 19.08.2014, concesión do período de vacacións á secretaria do Xulgado Dna. María Celia Couce

Moreira dende o día 22 de agosto de 2014 ata o día 28 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive).

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 20.08.2014, cambio de enderezo de Dna. Dosinda Sanmartín Basoa, de A Serra, 9 para o Poboado 8A."

O Pleno queda enterado.

3. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Non se presentou ningunha moción

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dase lectura aos seguintes:

ROGOS

1. Recibimos por parte dos veciños as queixas do actual estado dalgunhas zonas do camiño que vai dende Gunxel ó Pazo que foi reparado na pasada lexislatura polo Concello.

Polo tanto,

Rogámoslle ó equipo de goberno que, cando sexa posible, adecente esas zonas do camiño que actualmente se encontran en mal estado e fan que a inversión realizada no mesmo se esté desperdiciando pola falta de mantemento.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóstase que se atende o rogo.

2. Na actualidade vimos observando falta de información por parte do equipo de goberno en varias cuestións como a Festa do Requeixo, donde nos enteramos do programa nos bares; Noite Meiga (cena na lancha de Ferrol con produtos típicos da Capela e información sobre o municipaio), da que non tivemos información; Premios do Fútbol da Comarca, dos que non recibimos invitación.

Polo tanto,

Rogámoslle ó equipo de goberno que nos de máis información sobre os eventos que se realizan no concello, ou fora del pero que estén relacionados coa Capela, xa que esa información nos parece escasa ou nula en moitas ocasións.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que se atende o rogo, non obstante, manifesta así mesmo que lle gustaría que os que solicitan a celebración de eventos participen neles, e polo que atinxe á noite meiga da Capela, o Concello non gastou un euro nese evento, xa que somentes se pediu permiso pola empresa organizadora para usar o nome da Capela e fixorensen xestións diante da Cooperativa, por se estaba interesada na mostra dos seus produtos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que cando o seu grupo fai as peticións de celebración de calquera evento faino para o conxunto dos veciños e non para eles mesmos.

PREGUNTAS.

Dase conta das preguntas presentadas polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, que copiadas literalmente din:

1.- Xa manifestamos a este Pleno en días pasados o abandono que está sufrindo o Portal de Entrada ás Fragas do Eume, donde o contorno está descuidado (herba sin cortar, pino seco tirado nun lateral, etc) o edificio non ten o mantemento adecuado (madeira descolorida, fiestras sin limpar, etc) e o servizo de información non abre as horas necesarias ó noso entender (pechado polas tardes). Tendo en conta que estamos no mes de maior atinencia de visitantes, por qué non se tomaron medidas por parte do equipo de goberno para solucionar estes problemas?

Respóntase polo Sr. Alcalde-Presidente que en canto atención no Portal o Concello dispón dun orzamento con carácter limitativo e que en base a eso fíxose un calendario de atención pola empresa que xestiona o Portal, tendo en conta a experiencia do ano 2013. En canto ao tema da limpeza tamén hai unha limitación de persoal, xa que o Concello conta con dúas persoas de persoal laboral para atender todos os servizos.

2.- A tan prometida fonte do parque dos nenos segue sin aparecer, cal é o motivo dese reiterado retraso?

Respóntase polo Sr. Alcalde-Presidente que a fonte está pendente de colocar, xa que está encargada unha válvula de pé sen a cal non funcionaría, e que de momento aínda non foi subministrada.

3.- Foi uns días, saíu na prensa a aprobación por parte da Xunta de Galicia dun programa de emprego para Ferrol e outro para os concellos de Cabanas, Mugaros, Neda, Fene, Pontedeume e Ares, que neste último caso dará emprego a 174 persoas. Como sempre A Capela queda fora destas actuacións. Dada a alta taxa de paro que sofre o noso concello, o equipo de goberno fixo algunha xestión para beneficiarse destes programas?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que ese tipo de programas de emprego son referentes ao socorrismo nas praias, e que o Concello da Capela, non tén praias para participar nese programa.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que as noticias publicadas no xornal "La Voz de Galicia" sobre o programa de emprego non concordan coa resposta do Sr. Alcalde-Presidente.

4.- Cal é a situación na que se atopa o Albergue do Barreiro?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a xestión agora lévaa o concello e alúgase a quen o solicita.

5.- Algúns dos usuarios do Local da Terceira Idade manifestáronnos as súas queixas pola mala atención que están recibindo por parte do equipo de goberno. Cal é o motivo.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, que non se sabe no Concello, ou non se ten manifestado polos maiores que tipo de atención se quere, xa que todos os días que se abre o local, hai un concelleiro ou concelleira presente.

6.- A recente remodelación dos vestiarios da piscina municipal xa presenta a primeira deficiencia motivada por un fallo, ó noso entender, no proxecto que realizou Proyfe, pois os locais dos servicios carecen de sumidoiros para evacuar a auga do chan. Tendo en conta que estamos falando dos vestiarios dunha piscina, acumúlase moita auga durante todo o día que logo hai que aspirala. Ten coñecemento o equipo de goberno dese problema?

Respóntase polo Sr. Alcalde - Presidente que o tipo de solo instalado é o que require a normativa vixente e que a Dirección de obra ten coñecemento destes feitos.

7.- Pódenos explicar o Sr. Alcalde cal é o motivo de que unha nena deste concello non foi avisada do inicio do curso de natación pese a estar apuntada para a realización do mesmo?

Polo Sr. Alcalde - Presidente dise que todos os nenos foron avisados o último día na Chousiña en Sande, dí asimesmo que pode haber unha equivocación en

calquera momento pero que non está no ánimo de ninguén deixar a ningún neno/a fora das actividades.

Pola Concelleira de Cultura, D.^a Marina Bouza Couce, dise que as nais dos nenos foron avisados de palabra e que si houbo un erro foi dela e que non se debe achacar a funcionaria encargada deste asunto.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que as cousas non deben de facerse así, e que non debía de acontecer esto.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dí que foi un erro e que o equipo de goberno asumeo.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández formúlanse as seguintes preguntas "In voce":

1ª Se se fixo algunha xestión con respecto á alba de San Rosendo?

Respóntase polo Sr. Alcalde - Presidente que se falou co cura párroco e que sería preciso facer unha urna cunhas determinadas condicións, e que pode supoñer un elevado custo.

Dise polo voceiro do Grupo Municipal de Partido Popular, D. José Seco Fernández, que se poderían facer xestións con patrimonio.

2ª. Con respecto ao parque de Martín, no que se gastaron 26.000€ no derradeiro mandanto municipal, agora atópase cuberto de toxo, en realidade para qué vale?

Respóntalle o Sr. Alcalde - Presidente, no sentido de que verdadeiramente tampouco sabe por qué se fixo e para qué vale ese espazo.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas trinta minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz